



iniciativas no rural galego

Iniciativa	Asociación socio-educativa Antonio Gandoy
Enderezo	Garaballa de Arriba, 9, 27003 Lugo
Web	http://antoniogandoyeducacion.blogspot.com.es
E-mail	antoniogandoyeducacion@gmail.com
Persoa de contacto	Luisa Rey Otero
Fórmula xurídica	Asociación sen ánimo de lucro
Vídeo	https://vimeo.com/87565753

A experiencia

Antonio Gandoy foi o fundador de Preescolar na casa, programa que se iniciou en 1977 e desapareceu recentemente, ao retirárselle o apoio financeiro por parte da Administración autonómica.

A asociación socio-educativa Antonio Gandoy nace en febreiro de 2013, formada por persoas que traballaron en Preescolar na casa e queren preservar aquel legado, o servizo educativo que se prestaba ás familias do medio rural e tamén a propia forma de vivir, na que o desempeño profesional tiña unha forte compoñente de compromiso.

A asociación Antonio Gandoy comprou a maioría dos bens da extinta Preescolar na Casa

Dez extraballadores da fundación poxaron no Mercantil para conservar o legado do programa educativo

LUCÍA REY
LUGO / LA VOZ

A asociación socio-educativa Antonio Gandoy comprou onte a maioría dos bens da extinta fundación Preescolar na Casa na poxa celebrada no Xulgado do Mercantil de Lugo. O colectivo sen ánimo de lucro está formado por dez antigos traballadores dun programa que puxo en marcha o coñecido como «cura da bicicleta» no 1977 e que foi pioneiro no eido educativo de atención á infancia. Adquiriron catro dos cinco lotes que entraron na venda pública, e nos que destacaban os libros, o material didáctico, os xoguets e o material informático.

A marca, por 500 euros

Tamén compraron a marca Preescolar na Casa, que foi adjudicada por 500 euros. En total pagaron do seu peto 1.200 euros. Unha cantidade «que parece moi pequena» polo enorme patrimonio inmaterial do subastado, como destacou unha das portavozes da asociación, María Luisa Rey. Novagalicia Banco



Molto valor inmaterial. Varios membros da asociación Antonio Gandoy, onte con parte do material adquirido na poxa do Mercantil.

MARÍA LUISA REY EXTRABALLADORA DE PNC

«Dábanos moita coraxe que todo ese patrimonio quedase perdido ou tirado»



As orixes

Os recursos educativos son menores nas áreas rurais e, como consecuencia, rexístranse taxas educativas máis baixas que nas áreas máis equipadas.

Preescolar na Casa foi iniciado pola organización non governamental Cáritas Galicia en 1977 para compensar esa desigualdade e aumentar a concienciación sobre as capacidades e a adquisición do coñecemento en nenas e nenos durante fases iniciais da súa vida.

De feito, "A educación é a mellor forma de loitar contra a exclusión" sería un dos principios básicos deste programa.

No comezo, foi unha experiencia piloto desenvolvida en catro áreas rurais. Semanalmente realizábanse reunións de orientación coas nais e pais, facilitábenselles materiais educativos apropiados e organizáronse reunións con outras familias con éxito durante máis de tres décadas.

Durante este período, todas as actividades foron melloradas, aumentando o número de profesionais no programa. Adicionalmente, os medios de comunicación social comezaron a colaborar emitindo espazos desde 1990.

O territorio

Se ben Preescolar na casa chegou a desenvolverse en toda Galicia, fundamentalmente na Galicia rural, o novo proxecto da Asociación socio-educativa Antonio Gandoy comeza nunha área máis acoutada: diferentes zonas de Lugo e algúns concellos do interior de A Coruña.



Polas propias características do proxecto, primábase o medio rural. Outro factor determinante é que na área da que se trate viva algunha das persoas que traballou en Preescolar na casa e queira impulsar de novo o servizo socio-educativo da man da asociación. Valórase que deben ser persoas do propio contorno quen realicen as actividades coas familias.

Desigualdade de oportunidades educativas

No inicio do programa Preescolar na casa, os rapaces e rapazas do rural non se incorporaban á escola ata os 6 anos, e o facían nunha posición de desvantaxe respecto dos rapaces do medio urbano que, nesa altura, xa adquiriran certas habilidades como a lecto-escritura.

Tratábase de guiar aos pais e nais para que estimulasesen ditas habilidades aos seus fillos e fillas, reuníndose cada 15 días e ofrecéndolles materiais, libros, etc.



Posteriormente o tipo de necesidades foron mudando e hoxe é moi importante ofrecer á infancia a posibilidade de relacionarse entre iguais. Tamén hai novas demandas das nais e pais respecto de coñecer pautas educativas de carácter máis integral: como dar autonomía?, por que cando pinta canta?...

O obxectivo da asociación é axudar ás familias a mellorar a súa práctica educativa, incorporando esta concepción integral e procurando ofrecer as mellores posibilidades de desenvolvemento a todos os nenos e nenas, para que vivir no rural non implique unha discriminación.

Ademais das reunións coas familias e de facilitarlles recursos e guías, a asociación desenvolve novas actividades como O son que me arrola -un concerto para bebés entre 6 meses e 3 anos-, contacontos, obradoiros de relación...



Participación

A metodoloxía levada a cabo por Preescolar na casa á hora de achegarse ás familias que podían ser usuarias distínguese da forma "habitual": esperar a que a xente veña a inscribirse ou solicitar o servizo.

O legado de Preescolar na casa incorpora un achegamento directo ás familias, unha busca directa polas parroquias e un achegamento persoal ás nais e pais para coñecer as súas necesidades e convidalas ao programa.

Nesta etapa o papel das familias é tamén relevante no propio sostemento do programa, co que se comprometen cunha pequena cota.



Papel da muller

Máis alá da súa función educativa, Preescolar na casa tivo impactos sociais relevantes, sobre todo no eido da igualdade.

As reunións significaron un espazo de socialización para moitas mulleres recluídas no ámbito doméstico. A partir destes encontros naceron asociacións de mulleres, cooperativas e outras.

Respecto do novo grupo en torno á asociación, o protagonismo, como en xeral no eido da educación infantil, é notablemente feminino.



Recursos

O arranque do proxecto aséntase no compromiso das persoas que o forman e que traballan ata agora de forma voluntaria: 6 persoas traballando con familias e dúas en xestión. Ademais hai unha persoa contratada.

O seu obxectivo a medio prazo é poder consolidar o servizo de forma profesional: que se converta de novo nun emprego remunerado. Para iso cóntase coa facturación a algúns concellos, a presentación a diferentes ordes de axudas (concellos, deputacións, etc.), unha pequena cota por parte das familias e unha cota das persoas socias.

Utilízanse locais dos concellos e centros de ensino. Nalgún caso as propias familias buscaron un local dunha asociación.

Un recurso moi importante é o legado de Preescolar na casa: a biblioteca, a marca do programa e todo o saber facer, as redes de relacións, etc.



Impactos

Territorio intelixente

O proxecto céntrase nunha etapa moi relevante para o desenvolvemento de destrezas e habilidades persoais: dos 0 aos 6 anos. Apoiano ás familias para que desenvolvan unha boa función educativa nesta etapa, están a posibilitar un mellor desenvolvemento educativo deses rapaces e rapazas.

Por outra parte, dá unha resposta innovadora, adaptada ás necesidades e as características do medio rural, incorporando novas necesidades segundo van xurdindo.

Territorio inclusivo

De forma directa, o proxecto loita contra a exclusión por razón territorial: trata de evitar que os nenos e nenas do rural partan dunha situación educativa de desvantaxe.

Territorio sustentable

Mellorando os servizos educativos no rural e apoiando ás familias, pode contribuír ao asentamento da poboación.